

ANEXO II

HAMLET

TEXTO 1. MONÓLOGO HAMLET

Oxalá esta carne sólida se fundise, disolvese e convertese en orballo! Oxalá o Deus eterno non ditara a súa lei contra o suicidio! Que estériles, tediosos, vans, inútiles e insulsos me parecen todos os hábitos deste mundo! É un xardín cuberto de herba podre e repugnante e todo canto nel habita é repulsivo. Morto hai dous meses... Nin sequera dous... Un rei extraordinario... Un xigante fronte a ese sátiro, tan agarimoso con miña nai que non permitiría que os ventos do ceo lle tocasen con rudeza o rostro. Terei que recordalo? Ela sempre abrazada a el, coma se o seu desexo medrase aínda máis ao sacialo... E ao cabo dun mes, un mes escaso, cando nin sequera gastara os zapatos cos que acompañou no funeral o cadáver de meu pai, toda ela desfeita en pranto... Ao cabo dun mes... Por favor, unha besta carente de razón levaría o loito máis tempo... Casada con meu tío, o irmán de meu pai, tan semellante a el coma eu a Hércules... Un mes só! Aínda o sal das súas bágoas non deixara de abrollar dos seus ollos inchados, e xa casada. Tanta présa, tanta ansia por correr cara a un leito con outro home. Algo así nada bo anuncia.

Pero, esgázate corazón, pois debo conter a lingua.



TEXTO 2. ESCENA HAMLET - GERTRUD

Hamlet: Que foi, miña nai?

Gertrud: Hamlet, tes moi ofendido a teu pai.

Hamlet: Miña nai, tedes moi ofendido a meu pai.

Gertrud: Contestas con lingua insolente.

Hamlet: Preguntas con lingua imprudente.

Gertrud: A quen vén isto, Hamlet?

Hamlet: A que vén isto, miña nai?

Gertrud: Esqueces quen son?

Hamlet: Sodes a raíña, a muller do irmán do voso marido, e oxalá non fose así, sodes miña nai.

Gertrud: Mandarei chamar a quen vos saiba falar. (Vai saír.)

Hamlet: (Reténdoa.) Senta e non te movas, non marcharás ata que che poña diante un espello no que vexas o máis fondo do teu ser.

Gertrud: Que vas facer? Quéresme matar? Socorro! Axuda!

Polonio: (Desde o seu agocho tras as cortinas.) Socorro! Socorro!!! Socorro!!!

Hamlet: Que é iso? Unha rata?

(Hamlet mata a Polonio.)

Polonio: Aaah!!!



Gertrud: Que fixeches?

Hamlet: Non o sei. É o Rei?

Gertrud: Criminal!

Hamlet: Si, como matar un rei e casar co irmán.

Gertrud: Matar un rei?

Hamlet: Si, señora, iso dixer. (Ve a Polonio morto.) Pobre idiota entremetido. Adeus, pensei que eras o teu superior. Velaquí o risco que asume quen anda ocupado en demasiadas cousas. (A súa nai.) Deixa de retorcer as mans e deixa que sexa eu quen che retorza o corazón, se é que está feito de materia penetrable, e o hábito do mal non o endurecera ata deixalo a proba de calquera sentimento.

Gertrud: Que fixen eu para que lances esas palabras contra min?

Hamlet: Unha acción que mancha a graza da honestidade, que fai da virtude hipocrisía, e que converte os xuramentos de amor máis puro en leria inútil.

Gertrud: Que acción é esa?

Hamlet: Mira este retrato, e mira estoutro. Son as imaxes de dous irmáns. Observa a graza que habita nesta fronte, unha forma e conxunto que semellan marcados polo sinal dun deus que quixera mostrarlle ao mundo o que de verdade é un home. Este era o teu marido. Pero mira quen vén despois: este é o teu marido, un froito podre que corrompe todo o que é bo de seu irmán. Tes



ollos? Por que deixaches de pastar neste fermoso monte para te ir cebar neste lamazal?

Gertrud: Non fales máis, Hamlet. Que queres, que torne os ollos ao fondo da miña alma e vexa manchas negras que non vou poder limpar?

Hamlet: Si, por vivir no fedor dun leito de suor infecto, fodendo nunha corte noxenta, nun lameiro/

Gertrud: Cala, as túas palabras entran coma coitelos nos meus ouvidos.

Hamlet, fillo...

Hamlet: Un asasino, un miserable, un escravo que non vale unha cuarta parte que o teu primeiro marido, un rei de farsa/

Gertrud: Abonda!

Hamlet: Un rei de farrapos e remendos! (Entra o Espectro, sen falar).

Valédeme, anxos do ceo, vésmeme reprender por atrasar o cumprimento da vosa orde?

Gertrud: Hamlet...que é o que miras? Fixas os ollos no baleiro e conversas co aire incorpóreo. Meu ben, acouga o lume e ardor da paixón coa frescura da paciencia. Que é o que miras?



TEXTO 3. ESCENA HAMLET - POLONIO

Polonio: Como estades, alteza?

Hamlet: Moi ben, grazas a Deus.

Polonio Sabedes quen son, señor?

Hamlet: Por suposto. O fontaneiro.

Polonio: Non señor, non son tal.

Hamlet: Pois oxalá foses tan honrado coma el.

Polonio: Honrado?

Hamlet: Hoxe en día ser honrado é ser un home elixido entre mil.

Polonio: Moi certo.

Hamlet: Tedes unha filla?

Polonio: Teño, señor.

Hamlet: Coidado con que preñe. Concibir é unha bendición, mais... Como a vosa filla poida concibir... Andade con moito coidadiño, amigo.

Polonio: (Aos reis agochados.) Que teima coa miña filla! Está ido, ido de todo.

Eu, fontaneiro! (A Hamlet) Que estades lendo, señor?

Hamlet: Palabras, palabras, palabras.

Polonio: E sobre que tratan?



Hamlet: Entre quen?

Polonio: Quero dicir, de que trata o que ledes, señor.

Hamlet: Calumnias. Aquí di que os vellos teñen a barba gris, a cara engurrada, ollos que zumegan ámbar mesto e graxa de porco e unha carencia total de luces. E as nádegas frouxas. Todo isto, aínda que o creo cega e poderosamente, non me parece ben poñelo por escrito. Algún día seredes vós tan vello coma min, cando aprendades a facer anos indo cara a atrás coma os caranguexos.

Polonio: (Indo cara a onde están os reis agochados.) Non deixa de haber unha lóxica na súa tolemia. Por que non imos, señor, a onde non se escoite tanto o vento?

Hamlet: Á miña tumba?

Polonio: É ben certo que alí non dá o aire. (Aos Reis.) Todas as súas respostas están preñadas de sentido. É a agudeza dos tolos, pensamentos así non adoitan saír da cordura. Pido permiso para retirarme. (Os reis afirman e Hamlet contesta.)

Hamlet: Non me poderías pedir nada que vos concedese con máis gusto. Agás a vida. Agás a vida.

Polonio: Adeus, señor.

Hamlet: (Botándolle a lingua.) Prrrrrrr!!!!!!



TEXTO 4. MONÓLOGO LAERTES

En canto a Hamlet e os seus frívolos galanteos, considéraos un antollo, un ardor do sangue fugaz, nada máis. Lémbrao. Pode que te ame agora, sen mácula nin falsidade, pero dado o seu rango non é dono dos seus desexos, suxeito como está ao seu berce elevado. Non lle foi dado, coma ás persoas humildes, escoller por si mesmo, pois da súa elección dependen a seguridade e o benestar do Estado, e o seu desexo tense que someter á opinión xeral de Dinamarca. Ten coidado, Ofelia, e mantente á retagarda do amor, lonxe dos dardos e perigos da paixón. Gárdate. A mellor protección é o medo.



TEXTO 5. ESCENA LAERTES - CLAUDIO

Laertes: Quen matou a meu pai?

Claudio: Quen a miña vida buscaba. Hamlet.

Laertes: Hamlet. Por que non actuastes antes contra el?

Claudio: Por dúas razóns especiais: a raíña, súa nai, só ve o que el mira. E eu, non sei se por graza ou por fortuna, tan unido estou á súa alma e á súa vida que, como o astro que non pode saír da órbita, non podo senón xirar na súa. A outra razón é o amor que o pobo sente por el, que fai que convertan os seus defectos en virtudes e afoguen co seu afecto as súas criminais culpas.

Laertes: Ha chegar a miña vinganza. Onde está?

Claudio: En breve estará en Elsinor.

Laertes: Deixade que veña. O meu corazón alédase de estar vivo e así poder berrarlle á cara "esta é a túa obra".

Claudio: De ser así, deixaraste dirixir por min?

Laertes: Sempre que non me levedes a facer as paces con el.

Claudio: A paz será só con vós mesmo. O plan está maduro e el non terá máis que caer na trampa. A súa morte non fará soprar ningún vento de condena e mesmo a súa nai lle chamará accidente.



Laertes: Guiádeme de xeito que sexa eu o instrumento.

Claudio: Querías a teu pai, Laertes? Ou es só a imaxe da dor, un rostro sen corazón?

Laertes: Por que o preguntas?

Claudio: Hamlet volve. Que queres facer para mostrar con feitos, máis que con palabras, que es fillo de teu pai?

Laertes: Cortarlle o pescozo na igrexa.



TEXTO 6. ESCENA LAERTES - OFELIA

Ofelia

(Canta)

Se canto, son unha tola,
se non canto, unha curuxa
se me lavo, unha profana,
se me non lavo, unha sucia.

Adeus, miña pomba.

Vós cantade, e vós, non choredes máis. Velaquí romeu para os recordos,
prégocho amor, recórdame. Estes son pensamentos, para o que ti estás a
pensar.

Laertes: Que é isto? Rosa de Maio, querida nena, boa irmá, doce Ofelia. É
posible que a mente dunha rapaza sexa tan fráxil coma a vida dun vello?

Ofelia

Hai fiúncho para vós, e aquileas. E ruda para vós, e tamén para min. A ruda
pódese usar en varios sentidos, teredes que levala de xeito diferente a como
a levo eu. E por aquí, unha margarida. Daríavos violetas, pero murcharon todas
cando morreu meu pai. Din que tivo unha boa morte.

(Canta)

Dices que te vas mañán,
eu voucheme estoutro día.



Dices que te vas mañán,
eu vóucheme estoutro día;
agarda mais unha noite
iremos en compañía.

agarda máis unha noite
iremos en compañía.

Agora que m'eu hei eu d'ir
as pedriñas chorarán
agora que m'eu hei eu d'ir
as pedriñas chorarán:

chorai, pedriñas, â noite
que me vou po-l-a mañán.

Chorai, pedriñas, â noite
que me vou po-l-a mañán

Adeus.



TEXTO 7. MONÓLOGO CLAUDIO

É conmovedor, Hamlet, que lle rendas a teu pai esa homenaxe fúnebre. Pero tamén teu pai perdeu un pai, e ese perdeu o seu, e o que sobrevive está obrigado a gardar durante un tempo respectuoso loito. Mais perseverar nun pesar incesante é un acto de impía obstinación. Amosa un corazón feble, un espírito desacougado e unha mente simple e inculta. Se sabemos que ten que ser, por que tomalo tan a peito con teimosa oposición? É unha ofensa ao morto, á natureza e mesmo ao ceo. Bota por terra esa dor túa e comeza a pensar en min como un pai, pois, que o saiban todos, ti es o máis inmediato ao noso trono e co mesmo amor sincero que poida sentir o máis tenro dos pais sobre o seu fillo, quéroste eu a ti. En canto ao teu desexo de volver a Wittenberg para os teus estudos, somos contrarios a esa idea. Rogámosche que fiques con nós, sendo o primeiro da corte, o noso máis querido aliado, e o noso fillo.



TEXTO 8. ESCENA POLONIO - CLAUDIO - GERTRUD

Polonio: Maxestades. Penso que dei coa causa verdadeira da tolemia do príncipe Hamlet.

Claudio: Devezos por escoitala.

Gertrud: Temo que se reduza a unha soa. A morte de seu pai e a nosa rápida voda.

Polonio: Serei breve, porque a brevidade é a alma da sabedoría. O voso fillo está tolo. Digo tolo porque para definir a tolemia verdadeira, que se pode dicir, senón que está tolo.

Gertrud: Menos retórica e máis substancia.

Polonio: Que está tolo é a verdade e é unha pena, e é unha pena que sexa verdade. Pero dixemos sen retórica. Afirmamos que está tolo, e agora o que nos queda é atopar a causa a ese efecto, ou mellor dito, a causa dese defecto, pois ese efecto defectuoso vén dunha causa. Cóntovos. A miña filla deume isto. Reparade.

Saca un móbil e vemos un vídeo enviado por Hamlet.

Hamlet (no vídeo): Ao ídolo da miña alma, a celestial e "fermosérrima" Ofelia.

"Non me importa que dubides se as estrelas teñen lume,

non me importa se dubidas de que o sol se mova ao redor de nós,

non me importa que dubides de que a verdade é sincera,



Pero non dubides xamais do meu amor”.

Oh, Ofelia, isto da poesía non se me dá. Non sei ordenar con arte os meus suspiros, pero ámote todo o que podo. Adeus. Sempre teu, miña querida amada, mentres esta máquina che pertenza. Queres ver a miña máquina...?

(Polonio corta antes de que o vídeo pase a unha intimidade maior.)

Gertrud: Envioulle isto Hamlet a Ofelia?

Polonio: Si. Fun directo ao asunto e díxenlle: “O príncipe Hamlet está por rango fóra da túa órbita, non é para ti”. E entón ordeneille que se distanciase do seu trato, que non permitise mensaxes nin agasallos. Ela fíxome caso e el, ao verse rexeitado, por abreviar, caeu na tristura, logo na desgana, de aí ao insomnio, á debilidade, ao delirio, e xa na pendente cara a abaixo, nesta loucura que o fai desvariar e que todos lamentamos.

Claudio: Pensades que é iso?

Gertrud: Pode ser, é moi probable.

Polonio: Houbo algunha ocasión na que eu asegurase “isto é así”, e logo resultase non ser?

Claudio: Non, que eu saiba.

Gertrud: E como o podemos comprobar?

Polonio: Sabedes que ás veces pasea durante horas.

Gertrud: Si.



Polonio: Pois nunha desas ceibareille a miña filla, mentres nós quedamos á espreita. Se non a ama, e non é esa a razón de que perdese o xuízo, deixo o posto de conselleiro e póñome a traballar de carreteiro.

Claudio: Probemos.



TEXTO 9. MONÓLOGO GERTRUD

Afogou xunto a un salgueiro que medra inclinado sobre un regato e deita a imaxe das súas follas grisallas sobre o espello das augas. Alí ela tecía fermosas grilandas de margaridas, ranúnculos, ortigas e esas flores alongadas, ás que os pastores lles dan un nome groseiro, pero que as doncelas chaman “dedos de defunto”. Alí, cando gabeaba para colgar da árbore a coroa silvestre, unha póla ruín crebou e caeu, coas súas flores, a ese torrente de bágoas. Estendidas as roupas sobre a auga, saíu a flote coma unha serea mentres cantaba versos de cantigas antigas, coma aquel que non coñece a sua propia perdición, ou coma unha criatura nacida das augas e das augas irmá, acostumada a vivir nese líquido elemento. Mais o flotar non puido durar moito, e as súas roupas, pesadas pola auga embebida, non tardaron en apagar o seu canto e levala paseniño cara á morte lamacenta.



TEXTO 10. MONÓLOGO OFELIA

Afoguei xunto a un salgueiro que medra inclinado sobre un regato e deita a imaxe das súas follas grisallas sobre o espello das augas. Alí era onde ía tecer fermosas grilandas de margaridas, ranúnculos, ortigas e esas flores alongadas, as que os pastores lles dan un nome groseiro pero que desde cativas nós chamamos "dedos de defunto". Alí, cando gabeaba para colgar da árbore a coroa silvestre, decidín saltar, coas miñas flores, a este torrente de bágoas. Estendidas as roupas sobre a auga, saín a flote coma unha serea mentres cantaba estrofas esquecidas de cancións maternas, coma aquel que non coñece a súa propia perdición, ou coma unha criatura nacida das augas e das augas irmá, acostumada a vivir nese líquido elemento. Mais o flotar non puido durar moito, e as miñas roupas, pesadas pola auga embebida, non tardaron en apagar o meu canto e levarme paseniño cara á morte lamacentas. Auga de máis teño comigo, canto esta seque, nada de min quedará. Mellor me sería ser lume.



TEXTO 11. MONÓLOGO POLONIO

Ben sei que cando ferve o sangue, a alma é xenerosa en xuramentos. Esas chamuscas, filla, dan máis luz que calor, e apáganse no intre mesmo de se faceren promesa, non debes tomalas por lume. Desde agora, aforra a túa presenza, e esixe dos vosos encontros un prezo máis elevado que un simple faladoiro. Do príncipe Hamlet ten en conta só que é novo de máis e que pode camiñar cun paso moito máis longo do que podes ti. En resumo, non te fíes das súas promesas nin desperdicias un só dos teus momentos de ocio co príncipe Hamlet. Date a valer, Ofelia, pídocho. Date a valer. Non lle deas tan pronto polo que con tanto fervor debece. Temos moito que ganar e tamén moito que perder.



TEXTO 12. MONÓLOGO DO/DA INTEGRANTE DA COMPAÑÍA

O feroz Pirro saíu
daquel cabalo de Troia,
coas armas negras de loito
e a súa alma escura, moura.
Leva presta a negra espada
que lle deu temible sona,
semella noite o seu rostro,
un trono é a súa gorxa.
El avanza polas rúas,
o sangue, nas mans asoma,
pais e nais, xente indefensa,
sucumben na cruel derrota.
Cruza prazas que arden vivas,
vai deixando cinza, e soa
un lamento que coñece,
que vén do vento que zoa,
e alí mesmo descobre
do rei Príamo a voz rota.
Ve o rei que berra e xeme



desfeito de tanta loita:
os brazos ten xa moi cansos,
as pernas non o soportan,
a espada, outrora valente,
agora o mando cuestiona,
e da man que a aferraba
cae ao chan feble, sen forza.
Pirro bótase furioso,
como lobo tras da corza,
o seu golpe acaba en vento,
non o alcanza nin o toca,
pero o asubío da espada
derruba o rei nesta loita.
Príamo cae indefenso,
sen futuro xa, e sen honra.

Pirro levanta a súa arma
co peito en furia inflamado,
mais no momento do golpe
a besta escolle paralo.
No ar suspende o aceiro,



o tempo para, castrado,
el nada fai, mira ao vello,
de xeonllos, abafando.
Todo o ceo fica mudo
-vento, nubes e paxaros-
a paisaxe é coma un lenzo
onde todo está pintado.
De súpeto, un lóstrego
fende o ar cun forte estralo,
e con el esperta o monstro
no peito do desalmado.
Pirro, como fera solta
descarga o ferro, esmagando
cabeza, peito e coroa;
deixando a Troia sen mando.
Quen vise a súa raíña,
desorientada e chorando,
cun pano sobre a cabeza
no canto de ricos lazos,
descalciña sobre as lapas
co seu pranto desbordado



cunha manta por vestido
cuberta co seu desazo.
Quen a vise, de seguro,
diría "traizón, pecado!"
Pois Fortuna non comprende
como o mundo foi mudado,
e Pirro como unha besta
como unha peste ou un cancro,
despeza o corpo do vello
ao tronzalo en mil anacos.
E se os deuses a mirasen
naquel intre tan amargo
e se escoitasen o berro
que Hécuba alza chorando,
chorarían en silencio
cunha dor que creba o pranto.

